



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE ABRIL DO 2020.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández.</p> <p>ASISTENCIA TELEMÁTICA- VIDEOLLAMADA</p> <p>D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández Dna. Josefina Martínez Martínez D. Emilio Mesías Farías Dna. Cristina Cadena Freire Sr. Secretario D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dezaoto minutos do día vinte sete de abril do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia presencial e telemática dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm.1.- Aprobación se procede da acta da sesión do día 31-03-2020

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente a sesión do día 31-03-2020 o concello pleno por, 11 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP) e 2 abstencións (2BNG) acorda prestar a súa aprobación

Punto num. 2.- Dar conta da remisión ao MINHAP da liquidación do orzamento 2019.

Dáse conta do informe remitido ao MMHH da liquidación orzamento 2019 de data 1 de abril de 2019 que a continuación se transcribe:

Gto. Comp. Liquid 2019 (6)	Liqui. 2018 (GC2018) (1)	Gto. Inv.Fin. Liquid. 2018 (11)	Tasa de referencia (2)= (1)-((11)*(1+TRCPIB	Pto 2019 (IncNorm 2018) (3)	Gto. Inv. Fin. Liquid. 2019 (4)	Limite Regla Gasto (5)= (2) +(3)
11-15-004-AA-000 5.389.392,91€	5.261.416,61€	0,00€	5.403.474,86€	0,00€	0,00€	5.403.474,86€
Total Gto Compu. 5.389.392,91€	5.261.416,61€	0,00€	5.403.474,86€	0,00€	0,00€	5.403.474,86€

O Concello Pleno dáse por enterado



Cod. Validación: 6M37N97NNQJYJWRIKPM7SG | Corrección: https://ares.sedelectronica.es/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 38



Punto num. 3.- Dar conta da liquidación do exercicio 2019.

Dáse conta do informe de intervención “Liquidación Orzamento 2019” de data 20 de abril que a continuación se transcribe;

INFORME DE INTERVENCIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2019

En cumprimento da petición da Alcaldía, na que se solicitou informe desta Intervención por resolución número 107B/20, de 31 de marzo de 2020 en relación coa aprobación da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio económico 2019, e de conformidade co previsto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Leí Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990 e de conformidade co artigo 214 do Texto Refundido da Leí Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, emítense o seguinte

INFORME

PRIMEIRO . De conformidade cos artigos 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 163, 191, 193 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Leí 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Os artigos 3.1 e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Leí Xeral de Estabilidade Orzamentaria.
- Os artigos 4.1, 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- A Orde EHN3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.





A Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pala que se ditan medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pala que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

- A Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pala que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

TERCEIRO. Aplicarase cada unha das Instrucións de Contabilidade normal.

O modelo normal aplicarase nos municipios cun orzamento que exceda de 3.000.000 de euros, en aqueles municipios cun orzamento que non supere este importe pero si supere os 300.000 euros e a súa poboación sexa superior aos 5.000 habitantes, e nas demais entidades locais sempre que o seu orzamento exceda de 3.000.000 de euros. Os organismos autónomos dependentes das entidades locais enumeradas anteriormente.

CUARTO. A liquidación do Orzamento poñerá de manifesto:

1. Respecto ao Orzamento de gastos e como mínimo a nivel de capítulo:
 - Os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos.
 - Os gastos comprometidos, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - As obrigas recoñecidas, netas, con indicación da porcentaxe de execución sobre os créditos definitivos.
 - Os pagos realizados, con indicación da porcentaxe de execución sobre as obrigas recoñecidas netas.
 - As abrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2019.
 - Os remanentes de crédito.
2. Respecto ao Orzamento de ingresos e como mínimo a nivel de capítulo :
 - As previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas.
 - Os dereitos recoñecidos.
 - Os dereitos anulados.
 - Os dereitos cancelados.
 - Os dereitos recoñecidos netos, con indicación da porcentaxe de execución sobre as previsións definitivas.
 - A recadación neta, con indicación da porcentaxe de execución sobre os dereitos recoñecidos netos.
 - Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2019.
 - A comparación dos dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas.





A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

estado da liquidación do Orzamento estará composto por:

- Liquidación do Orzamento de Gastos.
- Liquidación do Orzamento de Ingresos.
- Resultado Orzamentario.

A liquidación do Orzamento de gastos e a liquidación do Orzamento de ingresos presentaranse co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores.

QUINTO. Como consecuencia da liquidación do Orzamento deberán determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as abrigas pendentes de pago a 31 de decembro (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- O resultado orzamentario do exercicio (artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- Os remanentes de crédito (artigos 98 a 100 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- Os remanentes de Tesourería (artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

SEXTO. En canto á avaliación orzamentaria deberá terse en conta que as Entidades Locais deberán axustar os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido este como a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (artigos 3.1 in fine e 19 de Real Decreto Legislativo 2/2007 de 28 de decembro, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria).

A este respecto a intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais.

SÉTIMO. O procedemento a seguir sera o seguinte:

- A. Corresponde ao Presidente da Entidade Local, previo informe de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e do Informe de Intervención, a aprobación da liquidación do Orzamento da Entidade Local e das liquidacións dos Orzamentos dos Organismos Autónomos dela dependentes (artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).
- B. Da liquidación de cada un dos orzamentos, unha vez efectuada a aprobación, darase conta ao pleno na primeira sesión que celébre.
- C. Aprobada a liquidación deberase remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.





OITAVO. Examinada a liquidación do Orzamento municipal único de 2019, comprobouse que as súas cifras arrojan a información esixida polo artigo 93.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co seguinte resultado:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

- Créditos iniciais: 6.523.914,66 euros.
- Modificacións de créditos: 1.765.965,70 euros.
- Créditos definitivos: 8.289.880,36 euros.
- Obrigas recoñecidas netas: 7.716.734,60 euros.
- Pagos recoñecidos netos: 7.128.592,01 euros.
- Remanentes de crédito totais: 573.145,76 euros.
- Gastos comprometidos: 7.716.734,60 euros.
- Obrigas pendentes de pago a 31-12-19: 588.142,59 euros.

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

- Previsións iniciais: 6.623.914,66 euros
- Modificación das previsións: 1.765.965,70 euros.
- Previsións definitivas: 8.289.880,36 euros
- Dereitos recoñecidos: 6.970.642,26 euros.
- Dereitos anulados: 52.888,05 euros
- Dereitos cancelados: 0,00 euros.
- Dereitos recoñecidos netos: 6.917.754,21 euros
- Recadación neta: 6.169.200,72 euros.
- Dereitos oebdebtes de cibri a 31-12-19: 748.553,49 euros
- Exceso/defecto prevision: -1.372.126,15 euros

Remanente de tesorería para gastos xerais: 1.082.401,20

Os artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990, e a regra 78 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pala que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local definen, a nivel normativo, o resultado orzamentario, ao dispoñer que virá determinado pala diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados e as abrigas orzamentarias recoñecidas en dita período, tomando para o seu cálculo os seus valores netos, é dicir, deducidas as anulacións que nunhas ou outros producíronse durante o exercicio, sen prexuízo dos axustes que deban realizarse.

NOVENO. Sobre o Resultado Orzamentario realizaranse os axustes necesarios, en aumento polo importe das abrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, e en aumento polo importe das desviacións de financiamento negativas e en diminución polo importe das desviacións de financiamento positivas, para obter así o Resultado Orzamentario Axustado.

No momento de liquidar o Orzamento calcularanse as desviacións de financiamento producidas en cada un dos proxectos de gastos con financiamento afectada, desviacións que se produciron como consecuencia dos desequilibrios orixinados polo desfase ou desacompañamento entre o financiamento recibido e o que debería haberse recibido en función do gasto realizado.

Gastos realizados no exercicio económico de 2019 financiados con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Son aqueles gastos realizados no exercicio 2019 como consecuencia e modificacións orzamentarias financiadas con remanente de Tesourería para gastos xerais. Estes gastos realizados (obrigasrecoñecidas), que foron financiadoscon remanente de Tesourería para





gastos xerais, se tiveron en conta para o cálculo do resultado orzamentario do exercicio, aumentando o mesmo.

Determinación de desviacións positivas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado de 2019, imputables ao exercicio orzamentario, e que diminuírán o resultado orzamentario.

A desviación é positiva cando os ingresos producidos (dereitos recoñecidos) son superiores aos que correspondesen ao gasto efectivamente realizado (obrigas recoñecidas).

Tal situación xera un superávit ficticio, que haberá de diminuírse, axustando o resultado orzamentario polo mesmo montante que supoña tal superávit.

Determinación de desviacións negativas de financiamento procedentes de proxectos de gastos de inversión con financiamento afectado imputables ao exercicio orzamentario, e que aumentarán o resultado orzamentario.

A desviación é negativa cando os ingresos producidos no cubriron o gasto realizado, concretamente trátase de gastos de inversión que se realizaron neste exercicio económico e cun financiamento que se obtivo en exercicios anteriores, tal situación de non terse en conta xeraría un déficit ficticio, debido ao desacoplamento entre os gastos e ingresos afectados, e elo obriga a realizar o correspondente axuste para que o resultado orzamentario ofrezca unha situación real que, neste caso, lograse aumentado aquel no mesmo importe que supoña ditto deficit.

- Dereitos pendentes de cobro: 748.553,49 euros
- Obrigas pendentes de pago: 588.142,59 euros.

DÉCIMO. Do remanente de Tesourería.

Está integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos. Estará suxeito ao oportuno control para determinar en cada momento a parte utilizada a financiar gasto e a parte pendente de utilizar, que constituirá o remanente líquido de tesourería.

Obtense como a suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro, deducindo as obrigas pendentes de pago.

- A. Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2019
 - Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente: 748.553,49 euros.
 - Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados: 1.615.229,64 euros.
 - Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva: 51.730,31 euros.
- B. Obrigas pendentes de pago a 31/12/2019
 - Obrigas de pago do orzamento corrente: 588.142,59€.
 - Obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados: 402.620,28€
 - Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva: 150.389,87€
- C. Fondos líquidos a 31/12/2019
 - Saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas bancarias: 1.265.760,33€

UNDÉCIMO. Do remanente dispoñible para o financiamento de gastos xerais.

Determinase minorando o remanente de tesourería no importe dos dereitos pendentes de cobro que, en fin de exercicio considérense de difícil ou imposible recadación e no exceso de financiamento afectado producido.

Remanentes de tesourería total: 2.540.591,07 €
Remanente de tesourería para gastos xerais: +1.082.401,20 €.





DUODECIMO. O informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria será obxecto de informe complementario.

CONCLUSIÓN

En conclusión ao exposto, o Secretario-Interventor que subscribe emite o informe preciso na Normativa vixente, opina que procede a aprobación da mencionada liquidación do Orzamento para o exercicio económico 2019 nos termos seguintes:

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ao exercicio 2019 nos termos nos que esta foi redactada e nos termo que foi aprobada por Resolución nº. número 1078/20, de 31 de marzo de 2020

SEGUNDO. Dar conta da citada liquidación do Orzamento ao Pleno do Concello na primeira sesión que este celebre e remitir copia da mesma á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine.

Con todo, a Alcaldía resolverá o que estime procedente.

En Ares, a 20 de abril de 2020

O Concello Pleno dáse por enterado

Punto num. 4.- Aprobación do Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Ares.

Dáse conta da alegación presentada polo colexio de enxeñeiros técnicos forestais de Galicia que a continuación se transcribe.

ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO COLEXIO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA

En reposta á primeira alegación relativa ao incumprimento do requisito de autoría, acompaña a este informe o *Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Ares* asinado por técnicos competentes en materia forestal, tal e como establece o artigo 13.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. A versión do Plan remitida ao Concello de Ares estaba suxeita a revisión, sendo asinada polos seus autores unha vez recibida a información da súa aprobación inicial por parte do devandito Concello, sen que se propoña ningún cambio pola súa parte.

En resposta á segunda alegación relativa ao incumprimento da normativa en materia de emerxencias, a entidade alegante, na súa alegación, obvia o establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas. Respecto á non definición ni concreción dos membros e funcións do CECOPAL e do director do PAM, e outros puntos mencionados na alegación, a entidade alegante parece ignorar que o plan de acción municipal (PAM) é un documento contemplado no plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) e que non todos os concellos están abrigados a elaboralo senón só aqueles con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco (ZAR), así como aqueles con risco alto ou moi alto. A elaboración dos PAM corresponde aos concellos, pero a súa homologación é unha competencia da Comisión Galega de Protección Civil, un ámbito sobre a que a Dirección Xeral





de Defensa do Monte non ten competencia ningunha, aínda que ten representación na devandita Comisión. Outra cuestión distinta é a integración dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais contemplados na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos PAM, cousa que está contemplada no PEIFOGA e no propio artigo 16 da Lei 3/2007.

En resposta á Terceira alegación é preciso reiterar o indicado enriba en canto ao establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e que, en liña co que se recolle no derradeiro parágrafo do apartado anterior, nunha fase posterior, a planimetría sinalada nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4 incluírase no plan unha vez que se delimiten as faixas secundarias de xestión de biomasa arredor das vivendas illadas, e se inclúa o inventario da rede de pistas, vías, camiños e estradas de titularidade municipal e dos montes de titularidade municipal, se os houbera.

Prevenición e defensa contra incendios forestais do Concello de Ares mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación.

Esta Subdirección Xeral informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Ares.

Asinado dixitalmente

O subdirector xeral de Prevención

Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta

Dáse conta do “Informe sobre o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios Forestais do Concello de Ares” de data 28 de febreiro que a continuación se transcribe;

INFORME SOBRE O PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE ARES

SOLICITANTE: Concello de Ares FEITOS

O Concello de Ares, adheriuse en Maio de 2019 ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp) e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegas, S.A. (en diante Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Con data 15 de outubro de 2019, a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, en virtude do establecido no devandito Convenio de Colaboración, remitiu ao Concello de Ares o *Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Ares*, elaborado por Seaga en Setembro, xunto coas claves de acceso ao visor público.





O alcalde do Concello de Ares, no seu escrito de data 12 de febreiro de 2020, informa que, finalizado o prazo de exposición ao público do devandito Plan trala súa publicación no Boletín Oficial de Provincia de A Coruña número 236 do xoves 12 de decembro de 2019. Durante o período de exposición pública presentáronse alegacións por parte do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia. O Concello solicita, o informe preceptivo e de carácter vinculante sobre o Plan citado anteriormente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

No artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establécese que corresponde aos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo ao previsto na devandita Lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

Polo que respecta ao procedemento de aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, no artigo 16.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, establécese que a dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.

En virtude do establecido no artigo 11 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, correspóndelle á Dirección Xeral de Defensa do Monte emitir o informe preceptivo e vinculante contemplado no artigo 16.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril.

O sistema público de xestión da biomasa que se establece no devandito convenio inclúe entre as súas actuacións a colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma para a tramitación do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Coa finalidade de mellorar a transparencia do sistema, tal e como contempla o devandito convenio desenvolveuse un visor en que se mostra e se mantén actualizada a rede secundaria de faixas de xestión da biomasa dos concellos adheridos. Ademais, tal e como establece a cláusula quinta bis do devandito convenio, desenvolveuse unha plataforma integral para a xestión da biomasa, cuxo obxectivo é dar soporte informático as actuacións dos distintos actores que interveñen no convenio e que permita unha rastrexabilidade de todas as actuacións realizadas polos concellos, por Seaga, pala Administración autonómica e polos cidadáns con parcelas nas devanditas faixas. En concreto, en outros, comprende a xestión dos seguintes aspectos:

- Xestión das parcelas incluídas nas faixas e da titularidade destas.
 - Xestión dos plans anuais de actuación sobre as devanditas faixas, e as actuacións concretas asociadas.
 - Xestión da comunicación cos titulares.
 - Xestión da relación dos titulares coas devanditas actuacións, incluíndo xestión contractual





- Xestión de inspeccións nas devanditas faixas.

Con data 15 de outubro de 2019 remitiuse ao Concello de Ares o *Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Ares* elaborado por Seaga, ao abeiro do devandito convenio de colaboración. Ao non contar o Concello de Ares cun Plan Xeral de Ordenación Municipal posterior á entrada en vigor da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, nin ter aprobada ningunha outra figura de planeamento propia e non ter polo tanto delimitado o solo de núcleo rural, urbano e urbanizable, para delimitar as faixas secundarias aplicouse o criterio acordado na Comisión de seguimento do devandito convenio na súa xuntanza de 14 de marzo de 2019, despois de que a Fegamp dise a súa conformidade á aplicación do devandito criterio. As faixas secundarias delimitáanse a partir da envolvente que rodea as vivencias situadas nunha franxa de 50 metros a partir dos paramentos exteriores. Considérase que un grupo de vivendas constitúe un núcleo cando existen un mínimo de 3 vivendas situadas a menos de 20 metros unha doutra e tamén cando a superficie da planta da vivencia ten como mínimo 300 metros cadrados.

O alcalde do Concello de Ares, no seu escrito de data 12 de febreiro de 2020, solicitou a emisión do informe preceptivo e vinculante sobre o devandito plan para a súa tramitación antes da súa aprobación.

Logo de revisar o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Ares comprobouse o seguinte:

O Plan define as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nunha franxa de 50 metros arredor dos paramentos exteriores das vivencias incluídas nos núcleos definidos aplicando o criterio enriba mencionado. O Plan inclúe os planos que reflicten as devanditas redes así como unha relación de parcelas afectadas, coa referencia catastral, a superficie total en m² a superficie afectada en m² e a porcentaxe de superficie afectada. O visor e a plataforma postas a disposición dos concellos adheridos ao convenio enriba mencionado, aos que se lle entregou o Plan correspondente, permite unha análise de detalle da propiedade destas parcelas, segundo o establecido na Instrución 1/2018, do 26 de abril, xa que manexa a información catastral dispoñible. Polo tanto, considérase que é suficiente a identificación das parcelas incluídas na rede de faixas secundarias.

No artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, establécese que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas, polo que no futuro, o plan deberá ampliarse e actualizarse para, de acordo co establecido no artigo 16.2, incluír:

A definición das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

A rede de pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal

Os montes de titularidade municipal





Para a ampliación e actualización do Plan, o Concello de Ares poderá contar coa colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma, en virtude do convenio enriba mencionado.

O subdirector xeral de Prevención
Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que este punto xa foi ditaminado en comisión.

O Sr. Alcalde abre a primeira queda de intervención para fixar posicións, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando o bo día a todos/as e sinalando que unha vez revisada a información da que dispoñemos e os expedientes lembramos que o ano pasado cando se levou este tema a aprobación plenaria fixemos unha pregunta e advertimos sobre a dificultade que tiñamos para facer o noso traballo político cando non esta ao noso alcance a documentación e nos referíamos concretamente a que pedíamos a acta plenaria de data 29/10/2015 que a día de hoxe aínda non está. Nos sabemos que nesa acta plenaria tivemos un posicionamento ao respecto do tema de esa ordenanza que se levara aí, porque en pleno levarse en punto do orden día "aprobación da ordenanza reguladora de protección de medio rural" que logo foi publicada no BOP entón volvemos ágora con este tema a facer de novo esa petición que por favor se poña a disposición esa acta, que non é a única que hai se aprobar, hai outras do ano 2011 unhas actas sen aprobar, entón nós pedimos que se elabore xa esa acta porque para nos é necesario para saber de onde ven isto tamén, nos entendemos que hai una relación ou polo menos unha temática ao respecto de esa ordenanza reguladora que se aprobou naquel pleno do 29/10/2015. Ao respecto de isto queremos preguntar, nos estimamos si vostedes o confirmades, si esa ordenanza está a día de hoxe en vigor porque como podemos comprobar na páxina da deputación onde están as ordenanzas hai una nota do servizo de asistencia a municipios que fala algo de coando debe entrar en vigor, creo que fai una anotación ao respecto de cando estaba contemplada a entrada en vigor, anda que polo que eu entendo o que nos supoñemos si que entrou en vigor, entón nos o que queríamos saber si a día de hoxe entro en vigor. Despois tamén queremos facer referencia a remisión do documento da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Montes que di na súa páxina catro di que non había un planeamento municipal na data do informe e claro efectivamente, o plan xeral non estaba na aprobación definitiva aínda agora non entro en vigor entón nos queremos saber si este plan de municipal e defensa contra os incendios colisionar dalgunha maneira co PXOM senón hai ningún problema e casan moi ben os dos, e despois queríamos saber porque hai fai referencia a Dirección Xeral de Montes supoño ou de Medio Rural puxo a disposición dos concellos un visor e unha plataforma para facer o seguimento de como quedaría este plan áreas de que limitaría e actualización de esas zonas e queremos saber tamén se este visor está a disposición da xente, da veciñanza e si nos teremos tamén acceso a ese visor si é que está ágora e amén senón estando una vez que sexa a aprobación definitiva que todo fai pensar que vai ser así o si vai estar a disposición da xente.

Remata o Sr. Mesías Farías a primeira intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. José Manuel Cendán Fernández

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifesta que os informes son favorables e polo tanto imos a darlle a aprobación.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que as cuestións efectuadas polo Sr. Mesías Farías son cuestións técnicas, eu non sei se casa ou non co PXOM, iso telo que dlcir un técnico e ese visor os descoñeço son cuestións que non podo contestar porque non coñeço, entón nunca comisión ou no seguinte pleno podemos contestar a estas preguntas que eu pestes momentos non temo capacidade para contestar.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que nese sentido o voto vai ser a abstención loxicamente.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Sometida a votación a Aprobación do Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Ares. o Pleno do Concello previa deliberación acorda en votación ordinaria por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 PP), e 2 abstención (2 BNG) prestar a súa aprobación.

Punto núm. 5.- Resolución recurso Grupo Popular licitación do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona noarte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugar dos e adjudicación do mesmo.

PROPOSTA DE ACORDO:

Visto o recurso de reposición presentado polo grupo municipal do Partido Popular contra o acordo plenario adoptado na sesión plenaria do día 27-01-2020 invocando falta de transparencia e de motivación do órgano de contratación.

Visto o informe técnico de 14 de agosto de 2019 do seguinte teor literal :

INFORME DOS SERVICIOS TECNICOS MUNICIPAIS.

Asunto: Solicitud de Informe sobre valoración das ofertas presentadas para o contrato da "Xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da Ría de Ares e sur da Ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugar dos". Criterios avaliáveis de forma subxectiva.

Benito J. Calvo Castro, Arquitecto Técnico Municipal do Concello de Ares, en relación ao asunto arriba indicado,

INFORMO:

Antecedentes.- Con data 1 de agosto de 2018, o técnico que subscribe realizou Informe no que se especificaba o resultado da valoración das dúas ofertas achegadas, atendendo os criterios avaliáveis de forma subxectiva, que foron:

Empresa.	Puntuación.
----------	-------------





GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.	37,55
FCC AQUALIA, S.A.	36,60

Adxunto ao Informe concretábanse as puntuacións parciais dos distintos apartados que compoñen a valoración conxunta. Acompañase dito cuadro.

EXPLOTACION E MANTENIMENTO BOMBEO DEPURADORA.										
01/08/2018.										
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN. FORMA SUBJECTIVA.										
I) Operación, mantemento e conservación.			23 Puntos.		II) Medios persoais adscritos.			9 Puntos.		
GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.			20,00		GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación			7,50		
FCC AQUALIA, S.A.			20,00		FCC AQUALIA, S.A.			6,50		
III) Calidade, medio ambiente e prevención.			6 Puntos.		IV) Control analítico e medidas de emerxencia.			3 Puntos.		
			Gest. Calidad 2 Puntos.		Gest. Medioam. 2 Puntos.		Sist. Prev. 2 Puntos.		Control Analit. 1 Punto.	
GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.			4,75		1,5		1,75		1,5	
FCC AQUALIA, S.A.			4,75		1,5		1,75		1,5	
VI) Melloras técnicas.			4 Puntos.		TOTAL PUNTUACION FORMA SUBJECTIVA.					
GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.			3,00		GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación					
FCC AQUALIA, S.A.			3,00		FCC AQUALIA, S.A.					

O presente informe trata de aclarar as puntuacións obtidas polas dúas empresas ofertantes.

Por conseguinte:

Primeiro.- Especificanse as calificacións obtidas en cada un dos apartados:

1.- Operación mantemento e conservación: de 0,00 a 23,00 Puntos.

- GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 20,00 Puntos.

Dispón unha metodoloxía concreta, tén en conta o tipo de instalación, tanto de cómo se componen como das súas dimensións. Define un manual de operación, con consideracións e contidos mínimos, realizando un inventario cós elementos dos que se dispón, para ser utilizado na xestión informática dos traballos da explotación. Redacta o Manual de Operacións e realiza un arquivo documental, así como a confección dun listado de actividades de traballo rutinarias a definir coa propiedade. Enumera e expón un listado de actividades de traballo relevantes, comprometéndose a desenrrolar aspectos concretos para asegurar a calidade do traballo, realizándose estos de xeito que se minimize el impacto sobre el medio ambiente, aplicándose medidas correctoras para os impactos medioambientais que se produzan.

Agrupa o programa de mantemento das instalación en tres tipos: correctivo, preventivo e obra civil. As tarefas de mantemento e conservacións rutinarias serán executadas por persoal asignado ao servizo.

- FCC AQUALIA, S.A.: 20,00 Puntos.

No Plan de Explotación a redactar garantizará a maior capacidade posible de evacuación dos caudais de augas residuais, minimizando os alivios, evitando xerar olores e regulando o caudal afluente. Confeccionará un Manual de Operacións do Sistema, con criterio de flexibilidade, fiabilidade e seguridade e saúde, contendo instrucións de traballo considerando as actividades funcionando en condicións normais de operación e en situación de emerxencia. Realiza unha ficha sobre riscos medioambientais, os aspectos ambientais asociados, resposta ante o risco ambiental, medidas preventivas e a quén deberá avisarse no caso de accidente.

No programa de mantemento faránse operacións preventivas e predictivas das instalación, e correctivas e de reparación de avarías, tendo como obxectivos o evitar avarías, limitar o envellecemento do material, garantir a disponibilidades de elementos críticos, mellorar o estado do material, disminuir o tempo medio de reparación e o tempo medio entre erros, suprimir as causas dos accidentes, etc.





2.- Medios personais adscritos: de 0,00 a 9,00 Puntos.

- **GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 7,50 Puntos.**
- **Organización e persoal: 5,00 Puntos.**

Achegan cadro de recursos humanos asignados ao contrato, con organigrama. Adscriben un total de nove persoas, especificando a titulación que posúen, adicación, cualificación e funcións, das que sete son a xornada completa e dúas a tempo parcial, ademais dun equipo de apoio técnico especializado. Na franxa horaria entre as 7:00 e as 21:00 h., de luns a venres contarase coa presenza de todos os membros do persoal de operación, mantemento e conservación. Inclúese proposta de Plan de Formación e xestións coa dirección da explotación. Especificanse os medios destinados, tanto de medidas de control das tarefas do persoal como dos vehículos destinados aos traballos abxecto do contrato.

- **Distribución, turnos: 2,50 Puntos.**

Achega proposta semanal e mensual de calendario de turnos de traballo, có horario a cumprir por cada operario. Consideran na oferta que para a realización de traballos fóra da xornada de traballo disporán de medios humanos e organizativos necesarios coa finalidade de solucionar situacións nas que se exceda do horario normal establecido.

- **FCC AQUALIA, S.A.: 6,50 Puntos.**
- **Organización e persoal: 4,00 Puntos.**

Presentan esquema organizativo e organigrama do equipo humano asignado ao contrato, con organización de turnos, reténs, vacacións, etc. Descríbense os turnos, có horarios de cada un dos operarios. Na relación do personal proposta inclúense un total de oito persoas, das que catro figuran a xornada completa e catro a tempo parcial. Nela reflíctese o posto, a adicación, a cualificación e as funcións de cada un. Reflicten a política de persoal, un Plan de Formación e promoción. Establecen a presenza do persoal nas instalacións entre as 8:00 e as 20:00 en días laborables.

- **Distribución, turnos: 2,50 Puntos.**

Programan o calendario de vacacións para que non coincidan nas súas vacacións tanto os dous operarios do servizo como o responsable do contrato, o xefe do servizo e o oficial electricista xuntos, debendo permanecer no traballo dous destas tres persoas. As ausencias superiores a unha semana cubriranse con persoal a contratar.

3.- Calidade, Medio Ambiente e Prevención: de 0,00 a 6,00 Puntos.

- **GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 4,75 Puntos.**
- **Xestión de Calidade: 1,50 Puntos.**

Establecen os procedementos e medidas para o aseguramento da calidade, xestión estratéxica, control da información documentada, formación e xestión de recursos humanos, control de equipos e mantemento de maquinaria, seguimento e medición e xestión de incidencias.

- **Xestión Medioambiental: 1,75 Puntos.**

Se dispón dun sistema de xestión medioambiental con procedementos e medidas para o aseguramento da xestión medioambiental, coas zonas de impacto que podan afectar á calidade do medio no sistema de saneamento, con plans de usos nos puntos de bombeo. Achega planos dos puntos de bombeo e das zonas de baño e zonas de marisqueo ou cultivos mariños

- **Sistema de Prevención de Riscos: 1,50 Puntos.**





Fan unha descripción do sistema de xestión de prevención de riscos laborais, con procedementos e medidas para o aseguramento da prevención, con formación preventiva e ficha resúmo da documentación asociada.

- **FCC AQUALIA, S.A.: 4,75 Puntos.**
- **Xestión de Calidade: 1,50 Puntos.**

Implantarán un sistema de xestión de calidade que conterá os seguintes documentos: manual do sistema de xestión, procedementos xerais do sistema de xestión e procedemento técnico específico para o control do mantemento preventivo correctivo das instalacións. Inclúe diagrama.

- **Xestión Medioambiental: 1,75 Puntos.**

Manifestan que os procedementos de xestión ambiental asegurarán que as operacións se leven a cabo de forma axeitada coa regulamentación existente. Achegan diagrama no que reflicten o proceso e o calendario previsto para a implantación do proceso, con avaliación medioambiental e control de traballos non conformes, accións correctivas e preventivas, auditorías internas e revisión do sistema medioambiental.

- **Sistema de Prevención de Riscos: 1,50 Puntos.**

Realizan unha descripción do sistema de prevención mancomunado da empresa. Nun diagrama establecen o proceso e o calendario previsto para a implantación e certificación.

4.- Control analítico e medidas de emerxencia: de 0,00 a 3,00 Puntos.

- **GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 2,30 Puntos.**
- **Control analítico: 0,80 Puntos.**

Presenta tabla de control cun plan de control analítico interno, a realizar polo personal do servizo, e externo, a efectuar por empresa especializada como laboratorio de análise e asesoramento medioambiental. Indícanse os parámetros a analizar, os tipos de mostras e os controis a efectuar tanto para a solicitude de permisos de verquidos en limpeza de colectores como os análises a realizar en contínuo mediante sensores instalados na rede. O laboratorio externo que proponen está acreditado para análise medioambientais UNE-EN-ISO 17025 e como entidade de inspección en augas UNE-EN-ISO 17020. A trazabilidade das mostras seguiráse mediante unha cadea de custodia implantada no sistema de calidade.

- **Medidas emerxencia: 1,50 Puntos.**

Contarán, en cada zona de traballo, cun equipo estándar de intervención rápida para a prevención ante verquidos accidentais de substancias como aceites, gasolinas, etc. Establecen un procedemento de emerxencia de verquidos de influentes incontrolados, colaborando cós concellos na identificación e detección de verquidos, infiltracións, caudais anormais e calquera anomalía. Solicitarán permiso de verquido para a limpeza de tanques de tormenta, realizando as correspondentes solicitudes, segundo a normativa en vigor. Dispoñen de coñecemento das funcionalidades que poden derivar en medidas de emerxencia, como son as funcionalidades críticas internas e externas, cadro de situación ante emerxencias e listado de instrucións de traballo para emerxencias. Distinguen entre situacións de emerxencia resoltas mediante medios alleos e os enumera, mediante medios propios e os tempos de resposta ante as mesmas.

- **FCC AQUALIA, S.A.: 2,35 Puntos.**
- **Control analítico: 0,85 Puntos.**

Presentan un resumo do plan de control analítico que, no caso de resultar adjudicatario o proporá para a súa aprobación. Os puntos de mostraxe definiránse no lugar da toma de mostras, a conveniencia entre as mostras simples, mostras compostas ou mostras integradas.





Nunha tabla resumen as analíticas mínimas que ofertan, cun mínimo de 688 parámetros/ano. Determínanse, de forma exhaustiva o procedemento das tomas de mostrax, coas precaucións a tomar, condicións de mostraxe, medidas para evitar interferencias producidas na recollida e de conservación das mostrax, con tabla onde se especifica as recomendacións para o muestreo e preservación de mostrax dacordo ás medicións e outra tabla cós métodos de referencia usados para parámetros a analizar en augas residuais. Dispoñen de laboratorio propio para realizar as analíticas externas, acreditado pola norma UNE-EN ISO/IEC 17025:2005. As analíticas internas realizaránse noutro laboratorio propio de empresa.

- **Medidas emerxencia: 1,50 Puntos.**

No caso de adxudicación, comprométese a elaborar un plan xeral de emerxencias a implantar no servizo, no que se establecerá a detección dos posibles puntos críticos ou situación de emerxencias e o establecemento das accións a executar para eliminar ou disminuir as consecuencias de ditas emerxencias da maneira máis rápida e segura posible. En dito plan se contemplarán as emerxencias relativas ao proceso, as relativas ao medio ambiente, as relativas ao plan de seguridade e saúde laboral; asimismo se contemplarán as emerxencias ambientais, con fichas de riscos concretas. Establecen un operativo de emerxencia e tempos de resposta, con plan de mobilización por niveis, e realizarán controis de alivios.

5.- Melloras técnicas: de 0,00 a 4,00 Puntos.

Valorarásen o desenvolvemento e xustificación das melloras ofertadas relacionadas de xeito estrito co obxecto do contrato e que non poderán estar valoradas economicamente, dado que existe un importe máximo para o apartado de melloras.

- **GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 3,00 Puntos.**

Propoñen unha serie de melloras que terán incidencia, sobre todo, nos consumos eléctricos, en eliminación de tensións e vibracións, e estudo de estado dos equipos de bombeo.

Permiten unha mellor xestión do sistema, intervénse en dotacións xa instaladas, na rede de colectores e en obra civil.

As melloras, de xeito resumido, consisten en:

- Bombeo de Limodre: executarían un bypass, no primeiro ano de contrato cunha garantía de catro anos.
- Bombeo de Maniños: liberación de tensións e vibracións da tubaxe coa reposición completa dos tramos de impulsión en aceiro inoxidable e colocación da mesma, no primeiro ano de contrato cunha garantía de catro anos.
- Bombeo de Ares: diminución do consumo eléctrico por medio da substitución da hidráulica dunha das liñas de impulsión, no momento da adxudicación e con dous anos de garantía.
- Instalación de analizador de redes: para a realización de estudos nos bombeos con finalidade enerxética das entradas de enerxía en cada un deles. A implantación da mellora que proponen sería de xeito inmediato e con catro anos de garantía.
- Instalación sondas de conductividade e temperatura: instalarían tres sondas de conductividade en cada unha das liñas do saneamento Fene, Ares e Mugaros. Esta mellora prevén implantala no momento de resultar adxudicatarios e cunha garantía de catro anos.
- Estudo do estado de equipos de impulsión en bombeos de saneamento: analizarásen os posibles aforros enerxéticos e diminución dos consumos eléctricos, prevéndose reducións en consumo de entre un 20-40%, inclúe asesoramento en termos de contratación de enerxía e axuste de potencias





eléctricas contratadas. A implantación da mellora a ofertan para realizar no momento de resultar adxudicatarios, estando vixente durante os catro anos de vixencia do contrato.

- **FCC AQUALIA, S.A.: 3,00 Puntos.**

Consisten na integración da xestión dos mantementos mediante un programa informático, disposición de estacións de alerta para medicións de caudais aliviados, adscripción de maquinaria e de medios, estudo procedemento control e optimización enerxética das instalación, detección do posicionamento dos venículos e sistema de control de roldas.

Proporcionan unha mellor xestión do sistema, actuando sobre equipos instalados na actualidade, na redes de colectores, en medios materiais e en medios humanos.

As melloras técnicas propostas, son:

- Programa informático de xestión de mantemento: permitiría integrar a xestión do mantemento preventivo, correctivo, normativo e predictivo, o programa estaría operativo antes de tres meses dende o inicio do contrato.
- Control de aliviados: instalación de tres estacións de alerta para a medición de caudais aliviados. Manifestan que ditos equipos instalaríanse antes de seis meses dende o inicio do contrato.
- Tomamuestras para control verquidos: Adquirirían dúas unidades de tomamostras automáticos, cun prazo de execución de tres meses dende o inicio do contrato.
- Equipo de limpeza remolque Smarttrailer Pro: comprométese a adscribir ao contrato esta maquinaria antes de seis meses dende o inicio do contrato.
- Medios a adscribir ao contrato: sinalan o parque móbil, as comunicación e informática, a maquinaria e ferramentas, equipos de protección colectiva, equipos de protección individual e vestuario que se asignarán por parte da empresa ao contrato, que estarán disponibles antes do inicio do mesmo.
- Medios alleos propostos: a empresa poñerá a disposición do contrato equipos de limpeza e inspección, unha estación de alerta para o control dos verquidos, un camión grúa, o sistema de rehabilitación local de tubaxes con fibra de vidro (packer).
- Medios humanos de apoio: indican que contan con medios dispoñibles en Narón, nun prazo máximo de dúas horas.
- Operativo de emerxencia: desenrollará o procedemento de actuación no caso de emerxencia, estruturado en niveis.
- Control e optimización enerxética das instalación: estudo dun procedemento xenérico a implantar para optimizar o consumo de enerxía . Executarase ao longo do primeiro ano de contrato, procedendo a implantar o certificado de xestión enerxética segundo a norma UNE EN ISO 50001:2011.
- Optimización de rutas de mantemento mediante localizador GPS: detectará a posición do vehículo. Manifestan a súa intención de implantalo antes de tres meses dende o inicio do contrato,
- Sistema de control de roldas: sistema completo de control de roldas de vixancia que rexistrará a hora e data do comenzo do mantemento ou visita ás instalación. A implantar antes de tres meses dende o inicio do contrato.

Segundo.- Por conseguinte, a puntuación fixada foi:

GESECO, S.A.
de Gestión de
Servicios y

FCC
AQUALIA,
S.A.





	Conservación.	
I.- Operación mantemento e conservación (de 0 a 23 puntos).	20,00	20,00
II.- Medios personais adscritos (de 0 a 9 puntos).	7,50	6,50
III.- Calidade, Medio Ambiente e Prevención (de 0 a 6 puntos).	4,75	4,75
IV.- Control Analítico e Medidas de Emerxencia (de 0 a 3 puntos).	2,30	2,35
V.- Melloras Técnicas (de 0 a 4 puntos).	3,00	3,00
Puntuación total criterios evaluables de forma subxectiva.	37,55	36,60

Visto o informe do secretario de 27 de decembro de 2019 :

Asunto: Motivación puntuación valoración ofertas xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos.

En cumprimento da resolución do recurso especial en materia de contratación polo TACGAL "Recurso nº. 56/2019" efectuase o informe técnico de 14-08-2019 de motivación das puntuacións outorgadas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Fronte aos vicios de anulabilidade, tanto a Lei 30/1992 como actualmente a Lei 39/2015, prevén una serie de efectos, que se recollen os previstos na derogada Lei 30/1992 na Lei 39/2015.

O principio de validez dos actos administrativos previsto no artigo 39 da Lei 39/2015 (anteriormente previsto no artigo 57 da Lei 30/1992), polo que os actos das administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo, presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa.

Polo que a declaración de anulabilidade será a que prive de efectos ao acto administrativo. Pero estes efectos atópanse limitados pola propia lei.

Así, o artigo 49 da Lei 39/2015 (anteriormente previsto no artigo 64 da Lei 30/1992), prevé límites á extensión da nulidade ou anulabilidade dos actos, sinalando por unha banda que a nulidade ou anulabilidade dun acto non implicará a de os sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro; e por outra que a nulidade ou anulabilidade en parte do acto administrativo non implicará a de as partes do mesmo independentes daquela, salvo que a parte viciada sexa de tal importancia que sen ela o acto administrativo non fose ditado.

O referido precepto limita as consecuencias da invalidez dun acto aos que sexan consecuencia do mesmo, non afectando aos independentes, e limitando a invalidez parcial unicamente ás partes que realmente incorran na infracción do ordenamento xurídico.

Con carácter xeral a anulabilidade dun acto que se integra nun procedemento, determina que os actos administrativos posteriores ao mesmo están á súa vez viciados de anulabilidade, e por tanto, as actuacións deberían retrotraerse ao trámite inicial en que se cometeu a infracción.





Con todo, conforme ao principio recollido no artigo 49 da Lei 39/2015, limitase a extensión da anulabilidade.

Ao mesmo tempo, tamén se recolle o principio xeral de conservación dos actos administrativos.

Neste sentido recollíase tanto na Lei 30/1992 (artigo 66), como actualmente na Lei 39/2015 (artigo 51).

Así, o artigo 51 da Lei 39/2015 sinala que o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se mantivo igual de non haberse cometido a infracción.

En virtude do principio de economía procesual imponse a conservación dos actos ou trámites cuxo contido sería o mesmo de repetirse as actuacións, dilatándose a tramitación, en contra do principio de celeridade e eficacia, para chegar a idénticos resultados. Se, racionalmente, pode preverse que se reproducirán os mesmos actos, o lóxico é o seu mantemento.

É doutrina xurisprudencial a que, baseándose no principio de economía procesual advirte sobre a improcedencia de declarar nulidades cando o novo acto que se dite una vez emendado o posible defecto formal deba ser idéntico en sentido material ao anterior, pois na esfera administrativa debe ser tratada a nulidade de actuacións con moita ponderación e mesura.

Precisamente polo carácter restritivo co que deben ser tratados os vicios de nulidade e anulabilidade, debemos chegar á conclusión que xa se manifesta na consulta, e é a de acudir á figura da convalidación dos actos administrativos.

Como sinala o artigo 52.1 da Lei 39/2015, a Administración poderá convalidar os actos anulables, emendando os vicios de que adoezan.

Nestes mimos termos pronunciábase o artigo 67.1 da Lei 30/1992.

Os actos administrativos anulables, a diferenza dos nulos de pleno dereito, poden ser emendados.

A convalidación é o acto administrativo polo que se emendan os defectos dun acto anterior anulable. A convalidación implica una potestade administrativa cuxa actuación se concreta precisamente na emanación do acto convalidante por cuxa virtude se emendan os defectos dun acto administrativo anterior. Así, sinala a doutrina (González Pérez) que a convalidación é un acto administrativo, aínda cando a súa finalidade específica sexa a de emendar os defectos doutro anterior.

O acto convalidante, como todo acto administrativo ditado por unha Administración pública, conforme ao artigo 34 da Lei 39/2015, producírase polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido.

Por iso, o acto de convalidación producírase polo órgano competente, que será o mesmo que ditou o acto obxecto de convalidación, a non ser que o acto fose ditado por un órgano incompetente, que non é o caso.

A Lei 39/2015, como tampouco facía a Lei 30/1992, non establece un prazo para ditar o acto de convalidación, polo que poderá procederse á convalidación en calquera momento.





Respecto diso haberá que ter en conta os prazos de prescrición de accións. Como sinala a doutrina (González Pérez), se transcorridos os prazos para revisar un acto, de oficio ou a instancia de parte, o acto devén inatacable, parece que a convalidación unicamente terá sentido cando aínda non transcorreron estes prazos, ou cando logo de incoar algunha vía de revisión, está pendente un posible pronunciamento de anulación.

Así as cousas, retrotraendo o procedemento aos efectos de que polo órgano de contratación se explicita a motivación das puntuacións outorgadas, que non poderán variar como consecuencia da aplicación da Resolución nº. 64/2019 do TACGAL, dando lugar a un novo acordo de adjudicación con mantemento, de estimarse así, das actuacións que se terían mantido igual de non cometerse a infracción apreciada, co informe técnico de motivación consideráse cumprido dito acto con mantemento das actuacións que se terían mantido igual de non cometerse a infracción apreciada e sen variar as puntuacións outorgadas, considerando o funcionario que suscribe que dase cumprimento á Resolución do recurso especial en materia de contratación polo TACGAL "Recurso nº. 56/2019".

Vista a Acta da Mesa de Contratación de 27 de decembro de 2019:

ACTA DA MESA DA REUNION CELEBRADA POLA MESA DE CONTRATACIÓN O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2019.-

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e trinta minutos do día 27 de decembro de dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Ares, con asistencia dos Sres. Membros seguintes:

PRESIDENTE: D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. (Alcalde-Presidente, do Concello de Ares).

VOGAIS: D. ALFONSO PORTELA MARTINEZ. (Técnico Municipal).

D. BENITO JOSE CALVO CASTRO. (Técnico Municipal).

D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ. (Secretario Xeral do Concello).

SECRETARIO: D. JOSE ANGEL CARBALLO FEIJOO. (Funcionario Administrativo).

Aberto o acto pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose pola Mesa de Contratación, os seguintes acordos:

PUNTO UNICO.- INFORME DO TECNICO MUNICIPAL RELATIVO A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA O CONTRATO DA "XESTIÓN DO SERVIZO PUBLICO E MANTEMENTO DO SISTEMA PERTENCENTE Á ACTUACIÓN DE SANEAMENTO DA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E SUR DA RÍA DE FERROL (CONDUCCIÓN E BOMBEOS) ARES, FENE E MUGARDOS".

En virtude da Resolución do Recurso Especial en materia de Contratación por TACGAL Recurso núm. 56/2019 e habéndose anulado o acordo de adjudicación, retrotraendo o procedemento ós efectos de que polo Organo de Contratación se explicita a motivación das puntuacións otorgadas, que non poden variar como consecuencia da aplicación da devandita Resolución 64/2019, do TACGAL dando lugar a un novo acordo de adjudicación; e emitido Informe Técnico motivando as puntuacións obtiadas por cada licitador segundo informe de 14/08/2019, e visto o mesmo, e a vista do informe do Sr. Secretario de data 27/12/2019.

Vista a puntuación acadada por cada un dos licitadores

A OFERTA ECONOMICA.

EMPRESA	OFERTA ECONOMICA	MELLORA
FCC AQUALIA S.A.	45	10





GESECO S.A.	42,93	10
-------------	-------	----

Sumadas as puntuacións obtense o resultado final seguinte:

EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
FCC AQUALIA S.A.	91.60
GESECO S.A.	90.48

Acto seguinte dase conta do informe do Sr. Secretario de data 28 de agosto de 2018, no cal se recolle a seguinte **CONCLUSION**

“ Á vista de todo o anterior, en primeiro lugar, débese acudir ao establecido nos pregos que rexen a licitación e por conseguinte considerase que ab initio estase ante unha oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Nese suposto deberase seguir a tramitación recollida no artigo 152 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo cal se aprobou o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para que o licitador xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma”.

Xustificada a baixa polo licitador FCC AQUALIA con data 10 de setembro de 2018, emítese informe polo técnico municipal con data 19 de novembro de 2019 que na súa CONCLUSIÓN manifesta “ **Por conseguinte e logo do anteriormente explicado, se entende que existe unha falta de xustificación do prezo referenciado e que non se dan suficientes razón que fagan posible a explicación do importe ofertado pola empresa FCC AQUALIA permita a este técnico chegar a conclusión de que o contrato podería ser levado a cabo segundo o estipulado nos Pregos.**”

A vista que foi retrotraído e sen variar as puntuacións outorgadas, mantendo as actuacións que se tiñan mantido igual de non cometerse a infracción apreciada que deu lugar a anulación da adxudicación obxecto de impugnación por FCC AQUALIA S.A., dando lugar a un novo acordo de adxudicación, a Mesa de Contratación por unanimidade acorda:

- 1º.- Rechazar o oferta presentada por FCC AQUALIA S.A. por considera-la desproporcionada.**
- 2º.- Propoñer a Adxudicación do Contrato ó licitador GESECO S.A.**

Na súa virtude e tendo en conta o acordo extraxudicial asinado en Santiago de Compostela o 30 de decembro de 2019 entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os Concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares, S.A.,

Vista que a Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.





— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

--- PP.PP.AA. e PP.PP.TT.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación o Pleno do Concello, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

PROPOÑO:

Desestimar o recurso do Grupo Municipal do Partido Popular, e conseguíntemente :

Primeiro.- Declarar a validez da licitación.

Segundo.- Reixetar a oferta presentada por FCC AQUALIA S.A. por considera-la desproporcionada.

Terceiro.- Adxudicar o contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a: GESECO S.A.

Cuarto.- Requirit a GESECO, S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Quinto.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.





Sexto.- Nos termos do acordo extraxudicial suscrito en Santiago de Compostela o 30-12-2019 entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os Concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares, S.A. a empresa adxudicataria xirará as facturas que se emitan no presente contrato “xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos a cada un dos tres concellos nas porcentaxes que lles corresponda.

Septimo.- Publicar unha vez asinado anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Oitavo.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

Noveno.- Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive. Todo iso, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.

Ares, a 17 de abril de 2020

O Alcalde,

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a primeira quenda de intervencións para fixar posicións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías sinalando que a súa posición aínda non a temos definida a falta de como se vai a desenrolar ágora o debate, nos entendemos que este tema foi mal parido dende o principio no sentido de todas as eivas que houbo e todas as faltas de información que tivemos e todas as faltas de documentación que se nos ocultou entón nós vimos a esperar a ver como se desenrola o debate para fixar a nosa posición.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde, dálle a palabra ao voceiro do PP.





Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que imos a facer un pequeno relato de como empezou isto, parecemos un pouco raro que este expediente iniciouse o vinte e seis de marzo cunha mesa de contratación da cal en todo o expediente non por parte do Alcalde, nin por parte do Secretario, ni por parte do Técnico Municipal non se mostre en todo o expediente a mesa de contratación do vinte e seis de marzo do dezaioito na cal se adxudica por unanimidade a empresa Aqualia entón, queremos que se nos explique porque esa mesa de contratación que é fundamental que isto ven a que nos fixemos varios recursos é fundamental polo cambio que houbo una adxudicación ese día se adxudica por unanimidade da mesa de contratación este servizo. Nesta mesa de contratación se adxudica cunha puntuación no primeiro sobre a GESECO trinta e sete cincuenta e cinco cunha oferta de 892848€, AQUALIA trinta e seis con sesenta puntos e 812961,60€, a oferta económica de AQUALIA e de corenta e cinco puntos e de GESECO corenta e dous con noventa e tres, sumadas as puntuación AQUALIA quita unha puntuación de noventa e un con sesenta e GESECO noventa e un con corenta e oito, a vista da cal a mesa de contratación por unanimidade poida propoñer tras una adxudicación do presente contrato a empresa AQUALIA por ser a maior puntuación acadada, ás 10:40 minutos o Sr. Alcalde remata a sesión e así certifico o Sr. Secretario. No mes de Agosto parece ser que se le aparece a vire ao Sr. Secretario que estaba de vacacións porque é o día 15 e se le da por revisar o expediente sen que ninguén o mande e sen que haxa ningún recurso revisar o expediente e lle manda facer ao Sr. Técnico Municipal un informe no cal se cambian as puntuación se adxudica e se leva a pleno a adxudicación, no momento en que se leva ao pleno este grupo antes do pleno fala co Sr. Secretario e non se nos corta a verdade e imos enganados ao pleno pensado que a adxudicación ía a ser a mesma que na mesa de contratación xa se adxudicou e pensado que ía a ser AQUALIA pois ben, no mesmo pleno entrevi e se nos volver a enganar, a confundir, foi o que levou ao noso grupo a abstermos para que vedase que nós non tiremos intencionalidade de ningunha das dous e pilas explicacións que nos de o Sr. Secretario nós nos abstermos e isto ocasionou a que nós non puidemos facer ningún recurso non ao TACGAL ni ao consello de administración non a ningún lado porque nos abstermos. A partir de aí fixemos un recurso de reposición porque non estamos de acordo no cal se nos denegou, foi a pleno e se nos denegou, a empresa fixo un informe, fixo un recurso ao TACGAL se lle admite e se informa que hai que volver ao expediente dende o principio, volver a facerse o informe, volver a ir ao pleno, volver a comisión volve ao pleno e nos volvemos a facer un recurso de reposición que é o que traemos aquí hoxe, o Sr. Aparellador volver a facer o informe e di "en virtude da Resolución do Recurso Especial en materia de Contratación por TACGAL Recurso núm. 56/2019 e habéndose anulado o acordo de adxudicación, retrotraendo o procedemento ós efectos de que polo Órgano de Contratación se explicita a motivación das puntuacións outorgadas, que non poden variar como consecuencia da aplicación da devandita Resolución 64/2019, do TACGAL dando lugar a un novo acordo de adxudicación; e emitido Informe Técnico motivando as puntuacións obtidas por cada licitador segundo informe de 14/08/2019, e visto o mesmo, e a vista do informe do Sr. Secretario de data 27/12/2019" quero dicir, que o Sr. Aparellador volve e fai a oferta económica e se lle adxudica a puntuación e polo tanto a puntuación é FCC AQUALIA 91,60 e GESECO 90,48, estamos falando de este informe da mesa de contratación do 27/12/2019, nos seguimos dicindo que non entendemos nada, cal é o motivo polo que non se quere adxudicar a AQUALIA que é a oferta máis vantaxosa para este concello e xustificando unha temeridade que por lei cando son dous licitadores vai 20% e aquí non sei porque se puxo o 3% si a leo di que cando hai dous licitadores vai ao 20% e non se xustifica é a primeira vez este concello que eu recorde que levo motos anos na oposición e de Alcalde que cando unha empresa cae en temeridade se lle dan 5 días para xustificar a temeridade, 5 días e xustificada a temeridade se adxudica a obra, é a primeira vez que para isto e estamos falando dunha empresa con credibilidade, unha empresa das mellores do mundo na xestión do auga e se dubida da contratación. Eu creo e non sei porque, no informe do





aparellador ao final de todo que di textualmente o seguinte “Por conseguinte e logo do anteriormente explicado, se entende que existe unha falta de xustificación do prezo reverenciado e que non se dan suficientes razón que fagan posible a explicación do importe ofertado pola empresa FCC AQUALIA permita a este técnico chegar a conclusión de que o contrato podería ser levado a cabo segundo o estipulado nos Pregos.”, eu creo que si fora calquera outra empresa podería haber algunha dúbida pero a este nivel e sendo a empresa máis vantaxosa e aparte que quedou claro que esta empresa e o dixemos no pleno anterior cando veu isto ao debate quedou claro que a parte de ser a máis económica nun servizo fundamental como é o desatasco a día de hoxe aínda segue a empresa Porto de Paula facundo este servizo sei a cantidade exacta que leva facturando durante todo este ano, para as arcas municipais de este concello é fundamental e son uns cartos que nos podíamos aforrar, a día de hoxe non entendemos os motivos de todo isto.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que de todo o relato que acaba de relatar agora o voceiro do PP senón hai algunha contestación por parte do goberno nin por parte do Sr. Secretario pois nós quedamos como estamos.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que lea a resolución do recurso que é o que vimos a votar e está contestado aí, que lle vou a explicar o que xa explicamos, hai un informe xurídico e esta contestado o recurso por escrito que é o que vimos a votar, que teño que léelo o leo aquí.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que estaría ben un debate ao respecto se vostede considera que non o debe de facer, pois nada xa manifestamos antes o sentido do noso voto.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde dicindo que é una cuestión técnica e ben no informe xurídico e aquí creemos que non cabe debate algún porque é una cuestión técnico-xurídica é dicir, aquí hai un informe xurídico aplicando a norma e consecuencia isto non é discrecionalidade política, non hai nada que debater é dicir, nos estamos suxeitos polos informes xurídicos e técnicos e non podemos apartarnos deles, entón para que tiveran efectivamente razón polo que di o Sr. Cendán tería que ter uns informes xurídicos técnicos a favor do se razoamento pero están a favor da desestimación meses recursos que imos a debater.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán dicindo que iso foi na primeira mesa de contratación que o Sr. Secretario informou desfavorable no recurso que fixemos nós, no primeiro recurso que fixemos e ao final nós non puidemos recorrer pero recorreu a empresa e ao final se nos dou a razón de que estaba mal e por parte dos técnicos municipais dicían que estaban ben e agora seguimos dicindo o mesmo, non se motiva, é escasa.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que as posicións están fixadas.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que hai que cumprir o que di o TACGAL que se motive, levamos con isto dous anos e pico e vai para tres anos, é lamentable.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que se vai a proceder a votación.





Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo, teño dereito a intervir.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que xa interveu dúas veces.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo, teño dereito a intervir dúas veces e temo dereito a replica.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa entrevista dúas veces e non hai replica ningunha.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que non se pode coartar a liberdade do debate.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa está debatido.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que poden faltar das veces.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa esta, xa falaches dúas veces e por certo podes falar cinco minutos e falaches vinte, é dicir aquí aplicamos o regulamento para cando lles convén. O regulamento que aprobaches ti di que hai cinco minutos para falar, o regulamento que aprobaches ti.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o que pasa é que non quere escoitar que vai ao pleno con non sei con cantas mesas de contratación, con cantos informes por parte do Técnico Municipal e por parte do Sr. Secretario Municipal e haber visto ten debate e ten recorrido e temos razón.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para fixar posicións.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que no seu momento cando se lle dixo ao Sr. Secretario que isto non estaba ben e el dixo que si, pois tiñamos razón e seguimos insistindo que non somos técnicos e seguimos dicindo que a motivación é escasa.

Sometida a votación a Aprobación “Resolución recurso Grupo Popular licitación do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente a actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugaros” o Pleno do Concello previa deliberación acorda en votación ordinaria por maioría, 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), 3 en contra (3 PP) e 2 abstencións (2 BNG) prestar a súa aprobación.

Punto num. 6.- Dar conta das resolución adoptadas pola Alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto num. 6.- Mocións-Propostas.

A) Moción do BNG: Derrogación da Lei Montoro





Dáse conta da moción presentada polo grupo BNG “Derrogación da Lei Montoro” de data 18 de abril de 2020 que a continuación se transcribe:

O GM do Bloque Nacionalista Galega no Concello de Ares, ao abeiro da lexislación vixente e como mellar proceda, presenta para o seu debate plenario a seguinte MOCIÓN SOBRE A DERROGACIÓN DA LEI MONTORO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do art. 135 da Constitución Española, promulgada o 27 de setembro de 2011, establece o marco que determinarían os seguintes anos os férreos límites ao gasto público, o endebedamento e a capacidade de investimento das entidades públicas. Na súa disposición adicional única establecía, entre outras cuestións, que antes do 30 de xuño de 2012 debería estar aprobada a Lei Orgánica á que se fai referencia no citado artigo 135.

A Lei Orgánica de 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coñecida como Lei Montoro, no seu capítulo II establece tres regras fiscais básicas:

Equilibrio ou superávit estrutural.

Limite á ratio da débeda ao 60% do PIB. (3% as entidades locais).

Regra de gasto. Na que se dispón que o gasto computábel non pode superar a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo.

Dos datos que dispomos, a débeda viva dos concellos españois a 31/12/2018 era de 20.952 millóns de euros e a das deputacións de 4.472 millóns. No caso galega a débeda aínda é moito menor; ahonda citar que a das catro deputacións non chega aos 22 millóns de euros (21,949 millóns), e a de todos os concellos galegas non chegaba aos 252 millóns (251,488 millóns). Posiblemente a día de hoxe estas cantidades sexan substancialmente máis baixas dado que estes son datos de 2018. Este dato é transcendente, xa que implica que as entidades locais galegas cumpren sobradamente a ratio de débeda sen tan sequera chegar ao 0,5% do PIB.

O superávit dos concellos tense que destinar obrigatoriamente a amortización de débeda, aínda que, de xeito discrecional os orzamentos do estado permitan anualmente destinalo a investimentos financeiramente sostíbeis, con toda unha serie de condicionantes moi difíciles de cumprir (resulta imposible utilizar as baixas nas adjudicacións, non computa o que non se executa dentro do período computábel...). Polo tanto os concellos foron amortizando débeda e moitos deles teñen débeda cero e non poden destinar o superávit a outros fins.

Son moitos os concellos que se ven abrigados a incumprir a regra de gasto, dada a especificidade dos concellos así como a lexislación específica na materia (LRHL), coas consecuencias no desenvolvemento dos seus orzamentos que isto implica.

Dado que aos concellos imposibilitóuselles, na práctica, a utilización do superávit orzamentario, é necesario que nestes momentos de grave crise se poidan destinar os remanentes orzamentarios de anos anteriores para aqueles fins que se consideren precisos, aínda que isto supoña incumprir a regra de gasto ou incorra en inestabilidade. É hora de rescatar ás persoas e non aos bancos.





Hoxe máis que nunca é necesario derogar a Lei Orgánica 2/2012 para que dende os concellos e as deputacións se poidan adoptar políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica, xa que esta Lei é un grave obstáculo nestes momentos nos que o necesario é rescatar ás persoas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

I. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno do Estado para esixir a derogación da Lei de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, nesta situación de grave crise para que deste xeito se poidan destinar os recursos dos concellos a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.

En Ares, a 18 de Abril de 2020.

Asdo.: Emilio Mesías Farías

(Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares)

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG para expoñer o petitum da moción.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando, simplemente quero facer constar a situación importante para os concellos que nos vai a tocar vivir a partir de agora, e a circunstancia de que haxa leis que non posibiliten que os concellos poidan utilizar o superávit orzamentario e disto vai esta moción. Esta moción ciñese a derogación dunha lei entendemos que é prexudicial para os concellos e para a súa xestión polo tanto, o acordo que traemos hoxe aquí para a votación consta de "Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao gábemo do Estado para esixir a derogación da Lei de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, nesta situación de grave crise para que deste xeito se poidan destinar os recursos dos concellos a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando quen quere fixar posicións, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra O Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que esta lei cando se aprobou foi porque o país estaba practicamente en débeda tiñamos un 10% do PIB e houbo que baixalo a un 2,5%, España tiña un déficit de mil cincocentos millón de euros e que o tema que di el que o tema do Sr. Rajoy fíxose un acordo coa FEGAMP coa FEMP para que aos concello se les permitira utilizar o superávit. O xoves da semana pasada a FEMP en reunión co goberno fai catro ou cinco días cegaron a un acorde na reunión do 20 de abril, un acorde para permitir que os concellos utilicen superávit no proceso de desescalada, esa é a situación, eu entendo que un partido nacionalista, independentista que tire por aí pero os que defendemos a nación e ten a competencia España creo que chegue a un acorde ca FEGAMP que lle permite aos concellos utilizar o remanente de tesourería e o superávit





para todo isto a reunión foi o 20 de abril do 2020 fai uns días, eu creo que está ben pero esta moción non ten porque, porque hai un acorde ca FEGAMP co goberno e que todos temos que crer que isto se incumpra digo eu, creo que son dous institucións bastante importantes de país tanto a FEGAMP como o goberno e eu creo que hai que respectar o acordo e non ten razón de ser esta moción.

Rematada a intervención do Sr. José Manuel Cendán Fernández o Sr. Alcalde procede a súa votación.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo BNG "Derrogación da Lei Montero" o pleno do concello por 9 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 2 BNG), 3 en contra (3 PP) e 1 abstencións (1 NAL) acorda prestar a súa aprobación.

B) Moción do BNG "Reparto de Máscaras"

Dáse conta da moción presentada polo grupo BNG "Reparto de Máscaras" de data 15 de abril de 2020 que a continuación se transcribe:

MOCIÓN SOBRE O REPARTO DE MÁSCARAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galega, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate Plenario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Estado, tras ter acordado a re1n1c10 de parte da actividade industrial e empresarial, ten posta en marcha un sistema de reparto de máscaras para achegar ás persoas que deban desenvolver a súa actividade laboral que se despracen á mesma en transporte publico colectivo.

Este tipo de repartos son ineficaces na maior parte dos concellos de Galiza, fundamentalmente pala inexistencia na práctica dunha rede de transporte público que sexa utilizada palas traballadoras e traballadores como medio de desprazamento . Polo tanto, o reparto que se realice non achegará o material de protección a aquelas persoas que o precisen e axudará a crear unha sensación de angustia ou necesidade imperiosa por conseguilo entre aquelas persoas que se vexan na abrigo de desprazarse.

A solución artellada por algunhas administracións locais de achegar máscaras directamente á poboación non resolve esta cuestión, ao non estar priorizadas as persoas que as precisan nestes momentos por ter necesidade de saír das súas vivendas e non senda tampouco suficiente o reparto dunha máscara dun só uso por persoa.

Neste sentido, á vista da realidade social e territorial do noso País, cómpre artellar unha solución alternative na que a administración autonómica xestione e garanta o acceso das persoas que o precisen ao material de protección para o desenvolvemento da súa actividade vital ou laboral, evitando que se produzan actitudes de mala provisión das mesmas por parte de persoas ou empresas.

Noutras comunidades tense artellado un sistema de entrega por medio do propio sistema de saúde, polo que a Xunta podería dotar ás farmacias de material e garantir o acceso controlado ao mesmo a través da tarxeta sanitaria do SERGAS, de modo que se poida constatar tanto a necesidade como a dispoñibilidade do material.





Debe artellarse un sistema de reparto obxectivo e controlado, sen caer en repartos indiscriminados, dado que neste momento non existe material suficiente dispoñíbel para garantir o acceso universal da poboación e que debe priorizarse a necesidade obxectiva do mesmo

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza, como administración con competencias en materia sanitaria e de saúde pública, a establecer un sistema de acceso aos sistemas de protección (máscaras e luvas fundamentalmente) dun xeito controlado e seguro, evitando que se produzan aglomeracións ou saídas das vivendas coa finalidade de facerse con eles, e garantindo que cheguen a todas aquelas persoas que precisan deste material para o desenvolvemento da súa actividade vital ou laboral.

En Ares, a 15 de Abril de 2020.

Asdo.: Emilio Mesías Farías

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que este tema xa foi falado na comisión, na xunta de voceiros COVID-19 ao respecto de como hai que xestionar todos estes elementos que nos chegan, eses recursos que nos chegan, e o que intentamos é que haxa un acordo que teña que distribuir e a maneira que teña de organizar a administración da Xunta de Galicia, o tema xa o falamos nese COVID-19 e o noso acordo para este pleno é “Instar á Xunta de Galiza, como administración con competencias en materia sanitaria e de saúde pública, a establecer un sistema de acceso aos sistemas de protección (máscaras e luvas fundamentalmente) dun xeito controlado e seguro, evitando que se produzan aglomeracións ou saídas das vivendas coa finalidade de facerse con eles, e garantindo que cheguen a todas aquelas persoas que precisan deste material para o desenvolvemento da súa actividade vital ou laboral”.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que está de acorde pero que non coincidimos en que esta moción e o que está pedindo o BNG coincidimos o mesmo pero equivocase en a que ten que instar. Dende a declaración do Estado de Alarma o mando único sanitario está mas más do Ministerio de Sanidade e a este Ministerio é ao que nos temos que dirixir este acordo porque entendemos e así o dí o artigo 12 o Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo no que se declara o Estado de Alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e especifica “todas as autoridades civís sanitarias das administracións públicos do territorio nacional, así como os demáis funcionarios e traballadores ao servizo das mesmas, quedarán baixo as ordes directas do Ministerio de Sanidade en canto sexa necesario para a protección de persoas, bens e lugares, puidendo impoñerlles servizos extraordinarios pola súa duración o pola súa natureza” quero dicir que o estado asumiu todas as competencias, en tema de sanidade en todos os servizos practicamente das Comunidades Autónomas e o minimo que debemos ser todos é leal ao decreto que entrou en vigor e que puxo en funcionamento o Estado, eu creo que a Xunta de Galicia ten que ser leal e obedecer as resolucións que dicte o goberno neste caso ao Ministerio de Sanidade, e a quen ten que ir dirixido é ao Ministerio de Sanidade, eu creo que si se fai ao Ministerio de Sanidade como mando único sanitario é así porque o marca a





lei e hai que obedecer porque esa é a realidade, nos votaremos a favor, senón pois imos a votar en contra porque nos guste o non nos guste cada un ten a súa opinión pero as cousas son como son o Real Decreto está ahí e o que ten competencias é o Estado e ao Estado hai que dirixirse, eu creo que a situación é así.

O Sr. Alcalde abre a segunda queda de intervención e dalle a palabra ao vocero do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que primeiro vai responder ao voceiro do PP , cita o Real Decreto onde especifica as ordes directas do Ministerio de Sanidade ben, pois unha orde directa do Ministerio de Sanidade pode ser que lle delegue as administracións autonómicas que sexan eles quen teña que especificar como e como se vai a producir ese reparto quero dicir, que as ordes directas sexan do Ministerio de Sanidade non quere dicir con isto que se acabou o resto das administracións públicas, nin os concellos nin as comunidades autónomas por tanto hai unha realidade que é que as competencias en materia de sanidade pública que ten a Xunta de Galicia e que aída que neste Real Decreto di que vai a ser o Ministerio de Saúde quen vaia a decidir esas circunstancias non quere dicir que o Ministerio de Sanidade non decida que sexan as administracións que neste caso teñan que facelo e polo tanto ten que ser a Xunta de Galicia a que ten que reclamar ao Estado Español esas competencias porque agora nos vai a vir outro tema que é o desconfinamento, como se vai a facer como se vai a escalar e supoña que todos temos claro que as condicións galegas territoriais non son as mesmas que as condicións territoriais en Madrid e polo tanto chegar a unhas medidas xerais para toda a península a nós non nos ten muito sentido sobre todo porque hai unhas realidades que son as que son, e polo tanto non se pode generalizar polo tanto non está esta moción fora da lexislación e polo tanto non aceptamos esa emenda que nos propón o PP e solicitamos que se someta a aprobación plenaria o acordo tal cal foi presentado polo noso grupo.

Remata o voceiro do BNG dando as grazas.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernandez dicindo que segue insistindo que o Real Decreto está ahí e que hai que cumprilo en alas das administracións da Xunta o 90% do material que se repartiu o repartir a Xunta, o concello tamén repartiu e meteu cartos, o concello de Ares meteu cartos en compra de material e a deputación igual agora, o mando único o que está levando e capitaneando isto é o Goberno cos Presidentes Autonómicos e isto é un acordo ao que teñen que chegar. As Comunidades Autónomas lle deron unha orientación ao Presidente do Goberno do que ten que facer e fará caso, eu creo que si porque o vemos en case todas as reunións de todo o que trasladou a Xunta de Galicia foise adaptando polo Goberno foise metendo, eu creo que é enriquecedor que se vaia adaptando e que se vaia facendo conxuntamente xa sabemos que aquí en Galicia non pode ser igual que en Madrid o que en Barcelona, esto se xestiona doutra forma a situación é diferente, pero eso non conleva que o Presidente da Xunta de Galicia unilateralmente habra o abanico terá que contar co Goberno, os Presidentes Autonómicos fixeron unhas propostas e verase o martes que hai Consello de Ministros si se acepta ou non se acepta pero eu creo que hai vos vontade por parte de todos e eu creo que o que capitanea todo isto non é o contrario e o que o vesa así é non velo, estamos nun país dixencho antes de entrar, esto é un país que se chama España, e a situación é a que é e nos temos que cumprir eu podía leer o que fixo a Xunta de Galicia porque o 90% de todo o fixo a Comunidade Autónoma pero iso non conleva a que haga lealtad e cumprir porque hai un acordo do Goberno central que para iso está e dicto o decreto e é el quen ten a responsabilidade en todo isto.





Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que todos sabemos a lealtade do PP vemos todos os días a Sra. Díaz Ayuso ao Sr. Casado estamos cansados de ver esa lealtade e efectivamente o mando único foi sometida polo Sr. Illa.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fenández dicindo que estaba a falar da Xunta de Galicia.

Responde o Sr. Alcalde manifesta que é a súa quenda de intervención, vostede xa falou dúas veces.

Contina o Sr. Alcalde dicindo que ese 90% de reparto de material que di o voceiro do PP da Xunta de Galicia pois efectivamente a Deputación nun só envío xa foro oitocentos e pico mascarillas e efectivamente o que enviou a Xunta de Galicia as primeiras non servirán absolutamente para nada porque non viñan empaquetadas e o resto que enviou é para o persoal municipal en consecuencia 15 litros de lixiba e 14 trajes e como comprenderedes moi agradecidos todos pero evidentemente non se pode presumir de esas actuacións porque incluso a do estado e a dos concellos son insuficientes ante o drama que efectivamente estamos vivindo co que non se pode cargar en ningún e menos no Goberno da Nación.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha vez rematadas as intervencións sometemos a moción a votación.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo BNG "Reparto de Máscara" o pleno do concello por 9 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 2 BNG), 3 en contra (3 PP) e 1 abstencións (1 NAL) acorda prestar a súa aprobación.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que si, nós traemos unha moción por vía de urxencia porque non foi incluída no pleno de hoxe e do que trataba a moción era das medidas que estimamos que se deben de levar a cabo ao respecto do COVID-19 cos sectores do comercio, hostelería (inintelixible) e todo iso pero si o estima o Alcalde a nosa proposta é non presentala agora como moción pola vía de urxencia e mirar este tema na próxima reunión da comisión de seguemento do COVID-19 para que todos os grupos podamos aportar a nosa aportación xa a saben porque xa foi rexistrada pero en beneficio dun debate máis amplo e dun acordo máis amplo deixaríamos de presentala pola vía de urxencia si o Alcalde se compromete a levar este tema para discutir na mesma comisión, xunta de voceiros COVID-19.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai un acordo ca mancomunidade que actúa conxuntamente e de trasladar as iniciativas municipais ao seno da mancomunidade para intentar actuar todos os concellos máis ou menos cas mesmas medidas non, para non facer o que sería tándem fiscal e converter en isto en haber quen efectivamente fai unhas medidas e quen fai outras entón efectivamente claro que o aceptamos porque igual que podemos falar das vosas eu terei que falar das que fan outros concellos porque nos comprometimos





efectivamente a valorar todas as de todos para ver efectivamente a donde podíamos chegar cada un. Eu sei cos concellos pequenos como Cabañas con 3000 habitantes pouco vai poder facer en materia de autónomos, digo pouco en comparación do que pode facer efectivamente Ferrol ou Naron, está claro que nos non podemos obviamente con algún concellos pero para debatir para ver por onde van as liñas de actuación e para intentar sen dubida algunha para consensos, e efectivamente estamos de acordo polo tano Emilio o metemos no marco dese entendemento amplo e o imos falando.

Sendo as 12:03 o Sr. Vilar Rico ausentase do pleno por motivos laborales.

Punto num. 7.- Rogos e Preguntas

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que teñen unha serie de preguntas que xa foron a pleno e nos xustificamos a nosa ausencia que teñen que ver ca resolución 62/20 Xestión de taxas por rexistro de certificado de navegabilidade e inspección en capitania marítima sobre impostos de dúas embarcacións do concello, a nosa pregunta é cando o concello mercou estas embarcacións, cal foi o custe destas embarcacións e cal e a finalidade de que o concello merque os buques.

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que son as lanchas de protección civil, as zodiac que nos deu emerxencias.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que hai una que pon Lola primeiro e outro nome.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, son as zodiacs da Agrupación de Voluntarios de Protección e a zodiac lle puxeron "A Lola" eu iso non teño ningunha participación, son decisións da Agrupación de Voluntarios, son as zodiacs entregadas por emerxencias a Protección Civil que este goberno decidiu legalizar en documentación, estaban entregadas pero non estaban pasadas por Capitanía entón, decididos pasadas por Capitanía e foliar, ademais de pasar unha revisión entón, son as zodiacs de Protección Civil.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías sinalando que outra pregunta é da resolución 95/20 onde fala dun pago dunhas extras a policía local polo tema do Blue Star daquel mes, entón di nesa resolución que se vai a destinar una partida da indemnización referida por este concello da compañía aseguradora do buque ben, nós non vemos constancia de que houbera un acorde entre o concello e a compañía aseguradora polo cal a aseguradora xa indemnizou ao concello, neste sentido queremos saber a canto ascendeu a cantidade da indemnización e cal foi a memoria da valoración que presento o concello de Ares a hora de xustificar o que entender o concello que era pos os danos que le tiña que abonar a aseguradora do Blue Star.

Outra pregunta é, nas resolucións que veñen a pleno desta sesión hai unha que é de pago de facturas e chama un pouco a atención unas que son do 31/03 /20 na páxina 7 de onde di que no documento 2003, 2004, 2005, 2006, 2007 son todas elas pagos de facturas a





empresa Chanzo a Nicolás Castelo por un total 5620€, nos queremos saber cal é o motivo desas facturas, que traballos foron os que realizaron porque todo parece que forros traballos prestados con anterioridade e non sabemos si eses números que aparecen aí, números de documentos a que fan relación porque realmente comparado con outras facturas non é o mesmo formato, entendemos que todas foro metidas no mesmo acto entón queremos saber a que facturas se refire esas.

A seguinte pregunta é a resolución 111/20 de aprobación abono de costas de contencioso-administrativo por un total de 967,60€ a circunstancia de definir despois daquela sentenza do contencioso-administrativo do Concello de Ares sobre os trienios, aqueles famosos trienios cobrados polo persoal do Concello de Ares que non se nos do información e que recordamos que volvemos a pedir información fi un par de meses, pos receptor iso que foi un punto de inflexión da información ao pleno a partir de aí xa non se trouxeron a dar conta as resolución ou os contenciosos administrativos do concello o cal nos sitúa nunha situación que non temos a información e cando chegan as resolucións como este caso 111/20 non sabemos realmente cal é a circunstancia, cal é o tema deste contencioso-administrativo que supoñemos perder o concello, non sei si é moito supoñer porque aquí di que se abonen as costas, entón nós supoñemos que foi un contencioso-administrativo que o concello perdeu e ademais tamén ten que pagar as costas entón a pregunta é, a que se refire a ese contencioso-administrativo, de que foi e cal foi a sentenza porque aquí ven o pago de abono de costas.

Outra pregunta é sobre as declaracións que fixo a semana pasada o Alcalde nunha emisora de radio referida ao pago dos recibos do auga que o Alcalde dicía que non o pasaba pero non deixou claro na súa manifestación cal vai a ser o método de cobro quen se podería ver beneficiado ou bonificado no mesmo que nós consideramos importante, e relativo a isto tamén queríamos facer un rogo, e isto xa é o último da nosa intervención que é un rogo ao respecto desta decisión, o noso rogo é que as medidas fiscais que poidan haber de todo o relacionado co COVID-19 que se centren naqueles sectores ou naquelas persoas que tiveron dificultade, que están tendo dificultade con esta pandemia, unha dificultade que ten que ver coa súa situación económica e laboral, deixar de pasar os recibos de auga e saneamento a toda a veciñanza nós estimamos que non é a mellor maneira de facelo, entendemos que quen se ten que ver beneficiado desta medida porque é unha medida para eles, deben ser aqueles que tiveron dificultades, polo tanto os que non cambiamos a nosa situación laboral nin a nosa situación económica na pandemia estimamos que se nos debe de pasar o recibo no tempo que se sitúa, nós tiñamos que telo pagado, polo tanto o rogo é que a xente que se ten que ver beneficiada coas bonificación ou condonación ou as que sexa, e as que non teñen que ser beneficiadas, a situación que estamos a vivir non nos causou unha mingua na nosa situación económica non laboral polo tanto o rogo é ese que se nos pase o recibo.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.





O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP, roga brevidade porque os funcionarios están a rematar o seu horario laboral xa que están en xornada reducida.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando cales son os motivos polo cal dende o mes de febreiro non se colga nada no portal de transparencia esa é a primeira pregunta.

A segunda pregunta é que queremos que se nos informe cales son as diferenzas da contratación que levamos hoxe aquí, cal é a diferenza entre GESECO e FCC AQUALIA porque una é mellor que outra.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que no informe de intervención, concretamente no remanente de tesourería sae de dubidoso cobro sae unha cantidade importante de 1.327.220,58€ que hai na liquidación do ano 2019 e eu creo que isto por parte do Concello tería que estar solucionado facturas de fai viste anos a día de hoxe no ano 20 sería que desaparecer.

Con respecto a seguinte pregunta é a mesma que fixo o vocelro do BNG que é a 111/20 do Xulgado contencioso-administrativo do núm 1 de Ferrol e queremos saber de que expediente se trata.

Por último un rogo, dicir que a Xunta de Galicia mandou ao concello catro pedidos un o 1 de Abril, outro o 7 de Abril, o 15 de Abril e o 22 de Abril cun total de 1150 mascarillas, unhas 1400 serie 18, lixivia 23 e traxes 31 iso foi o que mandou a día de hoxe a Xunta de Galicia, foron catro pedidos e ese é o total.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que no tema do Blue Star non valía a pena ir a xuízo por 30000€, 16000 de horas extras do persoal e 14000€ en danos daquel entorno rural e que se arranxa con zorra e a pala e pouco máis, entón non nos imos a inventar danos que efectivamente non existiron e non imos a ir a un xuízo por 30000€, eu estiven alí horas e horas e máis hora pero a min xa me paga o concello en consecuencia, só hai que pagarlles as horas aos que estiveron alí horas e horas e horas e cobran horas extras eu non cobro horas extras, en consecuencia alí houbo policías pasaron as súas horas extras e as abonou a compañía, e alí pasaron vehículos que causaron danos e houbo que meter unha pala e redistribuír o terreo e iso son 14000€, non podíamos xustificar efectivamente máis danos, entre outras razóns porque non serían aceptados tan rapidamente como o razoable que presentamos e teríamos que ir a xuízo e gastamos nun avogado non sei canto para ao mellor en vez de 30000€ serían 31000€, ou 28000€ pois non vale a pena, entón iso foi 30000€ e xustificamos horas extras e horas de pala para repoñer o terreo no seu estado orixinal e aceptaron e punto nos quedou un camiño feito que fixeron eles e efectivamente intentamos resolvelo dunha maneira rápida e razoable.





En canto as facturas de Chanzo, el presenta as facturas dos traballos que vai facendo e as veces a partida esgotouse entón si ese ano esgotouse a partida quedan algunhas para o exercicio seguinte en consecuencias as partes o aceptan e en canto se repón a partida porque se aprobou o orzamento pois claro que poden quedar facturas dun ano para outro, páganse e listo e nese sentido eu creo que el ten a capacidade de decidir cando as presenta e cando non, moitas veces fanse traballos e hai que andar detrás deles para que facturen entón efectivamente, cada un xestiona a súa empresa como considera oportuno, que fixo traballos o ano pasado e presento facturas este ano, pois ao mellor porque lle deu a gana, porque non lle interesaban presentalas o ano pasado por razóns fiscais e prefería cobralas este ano, eu que sei, o incluso nós lle dixemos que algunha a deixara para este ano porque a partida estaba esgotada quero dicir, esas son cuestións nas que eu non estou con elas, non pregunto e efectivamente pasa así cun montón de empresas, fai o servizo e che factura despois de anos ou cando lle convén, outras veces a pasa e tes que facer un modificado de crédito, entón lle tes que dicir que ten que esperar pois nesas cousas non hai ningunha decisión ao respecto son así polas razóns correspondentes.

En canto as costas do procedemento é un xuízo por expropiación de terreos de Navantia, les expropiamos para os bombeos de Fene e non estiveron de acordo co prezo recorreron o xustiprezo e efectivamente lles aumentaron o prezo que nos lles dabamos como todos os procedementos de expropiación entón hai un tribunal que decide si é correcta ou non é correcta e nos les pagamos a valoración que temos, senón están de acorde van a un contencioso que o gañan pois o poden ganar pero tamén o poden perder pero que crees que son eu o que di o que valen os terreos que mercaron para facer a EDAR entón é una cuestión técnica. Esa sentenza e esas costas eran do xustiprezo de Navantia polo bombeo de Fene, para os terreos de Fene e para os bombeos de Fene, sabedes que Ares encargouse da xestión de todo o que lle correspondía a Fene e a Mugardos, é dicir, levamos nos a xestión pero esta claro que era para os bombeos de Fene dos terreos de Navantia.

En relación as medidas anunciadas na emisora de radio, efectivamente perdoar, porque aquí non sei si as cousas suceden sen querer ou querendo, é dicir, cando non vos fago caso patadas no cu e cando os fago caso tamén entón non o entendo, pedichedes as comisións telemáticas en canto puido se fixeron para deixar de vir, cando non eran telemáticas non viñades, pedides que a fagan telemáticas as fago telemáticas e tampouco vides entón eu que queres que lle faga, como vou a loitar contra iso, pedides que temos que revisar entre todos as medidas fiscais ben, o primeiro que respecta iso é esperar, chégame o auga e aínda non tiña un acordo con vosoutros, que pensariades se a paso igual, poñeríasme a parir, pois a suspendín, porque estamos pendente de falar con vosoutros e coa mancomunidade que vou a pasar todo o que xa hai como senón pasara nada, ou sexa aquí temos unha pandemia e Ares pasa o auga igual por certo, como fixo Ferrol, Narón e Fene e como fixo Pontedeume iso si, dando trinta días máis, é dicir, ampliando o período de pago voluntario a tres meses, se fago iso en Ares que diríades, gustaríavos cando estades pedindo que as medidas as arranxemos entre todos, cando o PP me di que faga un censo de posibles danados, e cando vosoutros estades pedindo que adoptemos determinadas medidas para algúns, como por exemplo a hostalería e eu sabendo que hai iso collo e a





paso como fixo Pontedeume, Ferrol como fixeron todos, pois eu creo que é faltar a miña palabra e así lle fixen saber aos Alcaldes, e aquí como a pasades, e que non depende de nós claro, teñen empresas que xestionan o auga porque claro a VIAQUA non hai quen lle convenza que non a pase e a EMAFESA non hai quen a convenza de non pasala, a pasa, pero en Mugar dos o auga e deles, é do concello, Mugar dos podía esperar que non ten unha empresa cun contrato, e sen embargo Mugar dos tamén pasou o auga. Nós non temos ningunha empresa nin VIAQUA nin EMAFESA entón, a decisión é nosa como a de Mugar dos e decidimos esperar, cal é a pregunta porque as suspendiches, porque estou pendente de chegar a un acordo coa oposición e cos Alcaldes da mancomunidade, porque aínda non temos ningunha decisión adoptada ao respecto e en consecuencia non me vou a anticipar a pasar o cobro cando estaos falando de falar disto ben, pois o resto dos Alcaldes moi xenerosos o de Mugar dos moi xeneroso dou trinta días máis para pagar pero eles podían suspender o cobro porque así na mancomunidade dixemos que imos a falar todos de todo e si eu quedei con vosoutros e velo pois paréceme xusto suspendelo e pasala cando vexamos a que acordo chegamos e senón chegamos a ningún acordo coa responsabilidade do goberno, pero si houbera pasado os recibos do primeiro trimestre de que falabamos entón, de que iamos a falar dos seguintes que xa pasou a pandemia si Deus quere, pois efectivamente estamos falando do problemático onde está o mais gordo no primeiro trimestre, por respecto a palabra vosa de que isto o iamos a falar, suspendino e o expliquei claramente na radio, porque se suspende, porque estamos en pandemia, porque non sabemos como vai a terminar porque non sabemos a quen lle afectou e a quen non, e porque non sabemos aínda que medidas imos a adoptar porque estamos coas oposicións e coa mancomunidade falando disto e non dou tempo a máis o recibo veu o 6 de abril que facemos o mes de abril, o xiramos igual cos ERTES sen cobrar e con todo iso, e aínda encima quedando con vosoutros en falalo, pois a min doume a sensación de que fixen o que lles ía a gustar, esperar, e en consecuencia non lle fomos ao bolsillo a ninguén, non lle fomos a conta bancaria a ninguén e cando teñamos que cobralo será porque falamos con vosoutros, igual chegamos a un acordo ou non pero en todo caso xa non estamos no estado de alarma e moi bonito chegar a mancomunidade é dicir mentres o estado de alarma nada e logo enterarte de que todos o xiraron, logo entereime de que Mugar dos dou trinta días máis porque eu entendo que o de Ferrol diga que o de EMAFESA non quere ou que me diga o de Fene é que VIAQUA é VIAQUA eu aí non podo dicir nada, pero Mugar dos podía non xiralo como non o xirou Ares e o xirou do PP pero ben, esa é a realidade, cada un cumpre os seus acordos si lle da a gana, eu si, nós decidimos suspendelo por respecto ao resto dos Alcaldes da mancomunidade e a vosoutros porque quedamos en falalo, de feito o PP pediu facer un padrón, en función de ese padrón que pide o PP a eses veciños xa se supón que lle imos a bonificar porque xa coñecemos que estamos en situacións económicas complicadas, estamos facendo o que imos falando e ao que imos chegando a un acordo.

A seguinte pregunta que é sobre o portal de transparencia non sei a que te refires que hai que colgar e non colgamos.





Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que todas as contratacións, e está desde o mes de febreiro do ano 2019 que non se colga nada.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a persoa que leva iso está de baixa paternal entón, intentaremos poñerlle remedio.

O Sr. Alcalde manifesta que xa contestadas as preguntas levanta a sesión

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que aínda falta por responder a pregunta sobre o remanente.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que esa é una cuestión técnica, é una cuestión de tesourería e como comprenderás o Alcalde non se mete en tema, eu dixen vinte veces que había que facer un expurgo no orzamento, eu que queres que lle faga.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que queda una por responder que é o de FCC AQUALIA e GESECO.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que a esa pregunta xa a respondeu os informes, non pertence a vida política, estou suxeito aos informes.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o expediente ten unha caducidade e eu quería saber se a caducidade é aos dous anos ou cando é a caducidade, se ten caducidade e cantos anos ten.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que estudiarase, é unha cuestión técnica que hai que mirar.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

